

Relatorio
ACTITUDES CIDADÁS E MOBILIZACIÓN ANTE OS PROBLEMAS SOCIAIS

José Manuel Sabucedo

Os problemas sociais non teñen unha existencia independente das atitudes e crenzas dominantes nun momento determinado na sociedade. Por iso, unha das cuestións sociais e políticas máis relevantes é a pugna entre diferentes grupos por impoñer a súa interpretación da realidade. Algúns de esos discursos cuestionan distintas situacións e feitos e animan a implicarse en accións destinadas a modificalas. Para que isto sexa posible é necesario que a cidadanía asuma unha serie de crenzas sobre a súa pertenza grupal, as condicións nas que se encontra o endogrupo, as súas causas, a atribución de responsabilidades, a eficacia da acción, etc.

Dos factores anteriores, o da identidade é o máis significativo para comprender as accións políticas colectivas. Partindo do concepto de identidade social, propoñemos a identidade colectiva movilizadora como unha nova formulación que permite integrar as diferentes motivacións para a participación. Ó mesmo tempo, as características de esa identidade supón a existencia dunha racionalidade da acción política que non está baseada unicamente nunha lóxica consecuencialista.